

## **PROTOCOLO PARA AS ACTUACIÓNS DO CORO**

O Coro nace baixo os auspicios da Vicerreitoría do Campus de Ourense, coa vocación de se converter nun punto de encontro de toda a comunidade universitaria e como un foco de dinamización da vida artística e cultural do noso Campus. Sería conveniente pois que cada actuación fose contemplada e organizada baixo esta perspectiva.

De conformidade co disposto nos Estatutos do Coro aprobados en Consello de Goberno con data 8-10-2008 establécese o seguinte protocolo a fin de regular as actuacións do Coro nos actos oficiais celebrados no Campus de Ourense:

1º. Tódolos Centros do Campus poderán solicitar a actuación do Coro nos seus actos académicos.

2º. As actuacións solicitaráanse ao Director do Coro, Xabier Álvarez Iglesias, coma representante do Comité de Xestión, con suficiente antelación a fin de facilitar a súa organización (tfno. de contacto: 636 290 479, e-mail: [xabimusic@hotmail.com](mailto:xabimusic@hotmail.com))

3º. De forma habitual, o Coro intervén nos actos académicos en tres momentos: ao comezo do acto cando se produce desfile de togados, interpretando o himno gregoriano “Veni Creator Spiritus”; na metade do acto, interpretando un micro-concerto integrado por, a lo menos, dúas obras do seu repertorio e, por fin, ao final do acto entonando o himno universitario “Gaudeamus Igitur”. A segunda intervención pode tamén trasladarse ao final, antes do himno universitario.

4º. As actuacións requiren dunhas condicións materias, espaciais e acústicas adecuadas ás características do Coro que se especificarán en cada caso dependendo do escenario da actuación.